

## Chamorro Recordos da viaxe



**Via Crucis**  
Catorce estacións do Via Crucis acompañan ós penitentes que, camiñando ou de xeonllos, soben ata o santuario.



**O Folclore**  
Os sons das gaitas e os cantares populares son a ledicia dos milleiros de romeiros.



**Cruceiro**  
Despois da suba polo monte, ofrece na súa robusta plataforma escalonada un lugar para o descanso e a meditación.



**A Virxe**  
Os penitentes romeiros ofrécelle a súa devoción en agradecemento polo seu labor milagreiro.

**Cirios**  
Os días de culto a escura capela éñchese de luz pola multitude de velas que alumean o altar.

**A Tradiçión**  
A Ermida é o resultado da cristianización de antigos cultos pagáns á pedra.

Edita: Concello de Ferrol. Turismo. Textos: Guillermo: Llorca. Fotos: Ovidio Aldegunde / Arquivo. Diseño e maquetación: Item-aga Dep. Legal: C-1234-1998



## Chamorro

# Ferrol, cidade de tradicións



Ferrol  
a cidade do mar



Concello de Ferrol  
TURISMO

Oficina de Turismo  
Portanova s/n  
Tif. 981 446 700

Oficina de Turismo Porto  
Peirao de Curuxeiras s/n  
Tif. 618 522 527

# Chamorro

**A Virxe**  
Sobre unha pena móbil, que lembra ós antigos cultos precristiáns, aparece gravada a imaxe da Virxe.



Estar no cumo do monte de Chamorro é un sinxelo privilexio para poder gozar do contacto coa natureza, coa arte e coa tradición. O viaxeiro non ten nada máis que colle a estrada que conduce a Covas ou optar por subir camiñando ata un pequeno outeiro de 174 m para poder ollar unha das máis fermosas panorámicas que ofrece a zona de Ferrol: o val de Serantes, a cidade e os concellos veciños, bañados todos polas augas calmas da ría.

Entre as xentes destes lugares, a ermida de Chamorro, coñecida tamén polo nome de Nosa Señora do Nordés, conserva unha forte raíz relixiosa, que se manifesta especialmente na primeira romaría do ano, que se celebra cada luns da Pascua, cando milleiros de romeiros soben pola aba do monte, algúns de xeonllos, e outros pola estrada pola que se espacian catorce estacións de Vía Crucis, obra de mediados deste século. Acoden a este pequeno e solitario santuario para compartiren un día de xolda campestre, ós sons das gaitas, e de devoción popular, orando devotamente diante da pequena Virxe de Chamorro, a quen lle ofrecen velas e exvotos, polo seu labor milagreiro.

**Panorámica**  
Dende o cumo do monte de Chamorro gózase dunha espléndida vista das terras bañadas pola ría ferrolá.



A ermida é o resultado, probablemente, da cristianización de antigos cultos pagáns, pois érguese sobre unhas voluminosas rochas, que serían veneradas na época precristiá, como penas de abalar ou de embade. De feito, a capela menor, adosada ó muro sur do templo, aséntase sobre unha pena móbil, sobre a que aparece gravada, hoxe borrosamente, a imaxe da Virxe. É a mesma pena que a devoción popular sinala como o punto onde apareceu a Virxe a uns pastores. Neste mesmo sentido hai que considerar a localización, en 1989, nos arredores do santuario dun petróglifo, dun gravado na pedra, bastante erosionado, que podería pertencer á Idade do Bronce e que confirmaría a existencia neste lugar de cultos primitivos, anteriores á chegada do cristianismo.

Non se coñecen documentos que permitan fixar con exactitude a data de construción deste modesto templo, cunha única nave rectangular e muros de perpiaño robusto de granito, alternados cos de cachotería. Polo estilo da obra e por diversas inscricións dedúcese que tivo sucesivas reformas, que evidencian a importancia crecente que foi adquirindo como lugar de devoción popular. O muro sur da cabeceira conserva unha inscrición, moi deteriorada, que permite datala, seguramente, no primeiro cuarto do século XVI. Houbo unha modificación importante a fins do século XVII, segundo a lenda que aparece situada no lado esquerdo da porta da entrada.

Posteriormente fixéronse reparacións, tanto no século XVIII como na época de Franco, que visitaba a ermida tódolos veráns, e que mandou construír o miradoiro.

Como levamos dito, o santuario denominase de dúas formas diferentes. A primeira, o de Nosa Señora do Nordés, de clara evocación mariñeira, por ser o vento máis propicio para pescar nas augas da ría ferrolá e porque o monte onde se asenta ocupa a situación do Nordés na Rosa dos Ventos. A segunda, o de Chamorro, que segundo a tradición popular procede da exclamación ¡xa morro!, pronunciada por un náufrago que con grande esforzo lograra chegar ó monte, despois de que a Virxe o rescatara de morrer afogado. Sen embargo, a interpretación etimolóxica máis correcta sería a que fai derivar o topónimo Chamorro da natureza rochosa do monte, pelado e sen vexetación arbórea. Seguindo coa tradición oral das xentes, sobre unha desas penas graníticas aparecería a Virxe milagreira a dous rapaces pastores e sobre ela ergueríase a ermida, que recibe o nome do monte.

Na capela maior, baixo unha fermosa cuberta de crucería, en forma de estrela con catro puntas, sitúase o retablo barroco do altar presidido pola imaxe escultórica da Virxe co Neno, que pode datar da época baixomedieval e que antigamente puido estar baixo unha gruta ou nun modesto lugar.

Moi próximo ós muros da capela maior érguese un cruceiro, datable entre os séculos XVII e XVIII. Álzase sobre unha robusta plataforma de base rectangular e remata nunha cruz co corpo de Cristo crucificado e no reverso a Virxe das Angustias, co seu Fillo reclinado no lado dereito. A Virxe concentra toda unha serie de velas tradicións. Algunhas delas remóntanse ó século XVII, cando era costume que nas épocas de seca as corporacións municipais de Serantes e de Ferrol saíran en rogativa, acompañadas polo clero e mailos veciños, a implorárenlle para que chovese, levándoa, en




ocasións, en procesión ata o templo parroquial de San Xiao. Tamén os devotos deixaban escritas nas paredes do templo a fervorosa testemuña da súa devoción, como aquela que dicía :

*"Si non veño a Chamorro  
De mal de amores morro;  
Eu veño ofrecido  
Pra que ela me cumpla  
O seu prometido"*

Igualmente, a Virxe foi fonte de inspiración literaria para diversos escritores ferroláns, como Gonzalo Torrente Ballester, que na súa novela "Dafne y Ensueños", escribe :

"En Chamorro, la gente se junta en romería el primer lunes de Pascua y en alguna festividad de la Virgen. (...) Pero se hacían visitas a lo largo del año, por promesa o por el gusto de ascender y merendar allí y de llevar una vela o un exvoto: que si una pierna de cera a causa de una reuma, o una cabeza por unas cefalalgias curadas. Se dejaban allí, en el altar o al lado, colgadas de una cinta azul o colorada"

**A igreja**  
Un dos santuarios marianos de maior tradición romeira de toda Galicia.



**Bóveda**  
Fermosa cuberta de crucería da capela maior, onde a pedra debuxa unha estrela de catro puntas.

**Altar**  
No interior da ábsida sitúase o altar barroco, presidido pola venerada imaxe da Virxe co Neno.

